

Torés - As Nogais, 1979-03-23

Informante: Sr. Amable

Compilador: Xosé Luís Rivas

Transcripción: X.L. Rivas, rev. S. de la Ossa

1. Eu non sei se será certo
i-o que lin nunha revista
os meirandes industriais
salen da terra da chispa.
2. Por toda a rexión gallega
por calquer parte que vaia
sempre oyen los de Orense
voceando desta maneira:
3. Afilador, paraguero!
compro caldeiros de cobre
...
... e farrapos.
4. ... poder estar con ela
subía pola ventana
aí aló á media noite
cando xa 'staba na cama.
5. Deulle fretas á barriga
unhas inyecións de suero
hasta que notó que había
prencipios dun paraguero.
6. ... desgraciado
non se quere sujetar
perguntando ás veciñas
se téñ algo que arreglar.
7. Pero unhas non lle fan caso
pero outras vanna buscar
e vén decindo que teñen
un clavo que remachar.
8. Dice a maestra do poble
é unha persoa moi lista
non hai meirandes canallas
que eses da terra da chispa.



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades